

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 31 DE MARZO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Asesoría de Imaxe Persoal e Corporativa.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se regulan as bases para a concesión das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Mos para a execución das obras de acondicionamento do aparcadoiro e accesos ao cemiterio de Petelos en Mos, por un importe de trescentos oitenta e seis mil corenta e sete euros con quince céntimos (386.047,15€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Leiro para a execución das obras de acondicionamento da rúa Padre Eiján, por un importe de cento noventa e tres mil oitenta e un euros con trinta e sete céntimos (193.081,37€).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se aproba o contrato de xestión da Axencia Galega de Infraestruturas 2016-2017.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto de carácter plurianual para a concesión de cincocentas oitenta e oito libranzas de prestación de cuidados no contorno familiar consonte as previsións establecidas pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, por un importe total de dous millóns novecientos noventa e dous mil oitocentos vinte e cinco euros con cincuenta e catro céntimos (2.992.825,54€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o anteproxecto de rehabilitación da antiga sede da Xunta de Galicia en Pontevedra.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe sobre a situación actual e previsións da Estación Intermodal da Coruña.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a posta en marcha da nova unidade de radioterapia no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre as liñas básicas do Plan de Inspección de Servizos Sociais de Galicia para o ano 2016 e sobre o cumprimento dos obxectivos fixados no Plan de Inspección de Servizos Sociais de Galicia para o ano 2015.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre axudas a investimentos en pequenas empresas de actividades non agrícolas.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN ADAPTA O CURRÍCULO DO CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR EN ASESORÍA DE IMAXE PERSOAL E CORPORATIVA ÁS NECESIDADES DO SECTOR

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao novo plan, que se axusta ao Sistema nacional de cualificacións e formación profesional*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria adaptou ás necesidades do tecido social e produtivo galego o currículo do ciclo formativo de grao superior en Asesoría de Imaxe Persoal e Corporativa, un plan de estudos ao cal hoxe deu o visto e praxe o Consello da Xunta.

De acordo con este currículo, a competencia xeral do título de técnico superior en Asesoría de Imaxe Persoal e Corporativa consiste en deseñar e organizar proxectos de asesoramento en imaxe persoal, empresarial e institucional, organizar eventos e planificar os procesos de adestramento persoal en habilidades de comunicación, protocolo e usos sociais, respectando criterios de calidade, seguridade, respecto polo ambiente e deseño universal.

Postos de traballo

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables que poderán desenvolver serán os de director técnico artístico en producións audiovisuais, escénicas e de moda, técnico comercial ou de protocolo e cerimonial en institucións públicas e privadas, experto en etiqueta e usos sociais ou en habilidades comunicativas, técnico en gabinetes de relacións públicas ou especialista en imaxe en departamento de márketing.

Así mesmo, poderán traballar como director de gabinete de asesoría de imaxe, asistente técnico de imaxe política, cultural e artística, asistente persoal no coidado da imaxe ou organizador de vodas. As persoas tituladas neste ciclo poderán tamén realizar tarefas de asesoría de estilismo no vestir, de estilos e tendencias, en comercios de vestuario e complementos, de imaxe en medios audiovisuais e de moda, de imaxe corporativa, de protocolo e organización de actos e eventos, na compra de vestuario, complementos, regalos e cosméticos, ou de asesoría de prensa especializada en imaxe persoal.

94 currículos actualizados

Co aprobado hoxe, o departamento educativo da Xunta ten actualizado un total de 94 currículos de ciclos formativos, e en todos eles inclúe a identificación do título, o seu perfil profesional, o ámbito profesional, a perspectiva do título no sector ou nos sectores, as ensinanzas do ciclo formativo, a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou

exención, así como os parámetros do contexto formativo no relativo a espazos, equipamentos, titulacións e especialidades do profesorado, e as súas equivalencias para efectos de docencia, de acordo co Sistema nacional de cualificacións e formación profesional.

Así mesmo, determínanse os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias, e a información sobre os requisitos necesarios segundo a lexislación vixente para o exercicio profesional, cando proceda.

Ademais, o departamento educativo da Xunta de Galicia elaborou 21 currículos de formación profesional básica para que sexa posible implantar en Galicia estas titulacións.

A XUNTA INCREMENTA PRETO DUN 16 POR CENTO AS AXUDAS PERIÓDICAS PARA AS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

- *As axudas tentan garantir ás mulleres vítimas da violencia de xénero unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor que lles posibilite dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na cal corren perigo*
- *O ano pasado un total de 339 mulleres foron receptoras destas axudas, que varían entre os 300 e 800 euros ao mes*

O Consello da Xunta autorizou hoxe establecer as bases e convocar para este ano as axudas económicas de carácter periódico de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero establecidas na Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, para as cales o Goberno galego destinará máis de 2 millóns de euros para este exercicio 2016-2017, o que supón un incremento de case o 16 por cento con respecto á convocatoria anterior.

A axuda consiste nunha contía económica destinada directamente á beneficiaria, de carácter periódico, ata o máximo de 12 mensualidades. O importe das axudas varían entre 300 e 800 euros/mes, en función dos ingresos da beneficiaria, e dos fillos/as menores e menores en acollida ao seu cargo, e de circunstancias de discapacidade.

A convocatoria tenta garantir ás mulleres vítimas da violencia de xénero unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor que lles posibilite dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na cal corren perigo. As axudas véñense convocando anualmente desde o ano 2006.

Os requisitos para optar a estas axudas son ser muller maior de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia, ter cesado a convivencia co agresor dentro dos 12 meses anteriores á data de presentación da solicitude, estar empadroadada e ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso das mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia; percibir uns ingresos mensuais iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM vixente e non ter percibido esta axuda ou a axuda establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero con anterioridade

Perfil das beneficiarias do ano pasado

O pasado ano 339 mulleres vítimas de violencia residentes en Galicia percibiron esta modalidade de axudas. Delas, un 79 por cento eran de nacionalidade española e o restante estranxeiras.

Por provincias, Pontevedra e A Coruña encabezan a listaxe con 133 e 132 perceptoras de axudas, respectivamente, en cada provincia, seguida de Ourense con 48 e Lugo con 26. O perfil de idade maioritario é o de mulleres no rango de 26 a 45 anos, que representa o 64 por cento do total. Hai 203 beneficiarias que son nais e 25 teñen algunha discapacidade.

MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 580.000 EUROS EN DÚAS ACTUACIÓNS DE HUMANIZACIÓN E MELLORA DOS ESPAZOS PÚBLICOS NOS CONCELLOS DE LEIRO E MOS

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dos convenios de colaboración que permitirá a licitación dos traballos, logo da súa sinatura entre a Administración autonómica e a local*
- *Ambas as actuacións están enmarcadas no Plan HURBE 2010-2016, que ten como obxectivo dar resposta á necesidade da humanización das vilas de Galicia*
- *Para este exercicio está previsto un investimento de máis de seis millóns de euros, dos que preto de catro serán para novas actuacións, o que permitirán realizar investimentos en máis de 20 concellos*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos convenios de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e os concellos de Leiro e Mos, dúas actuacións recollidas no Plan HURBE 2010-2016, que suman un importe de 580.000 euros, e que responden ao programa de humanización de rúas e urbanización e mellora de espazos públicos.

Así, o departamento que dirixe Beatriz Mato executará varias obras de mellora e humanización que suporán poñer en valor distintas zonas destes dous concellos galegos. Logo da licitación dos traballos, será necesario asinar os convenios de colaboración no que se recollen as obrigas e deberes de cada unha das administracións asinantes, así como os traballos concretos que se levarán a cabo e que mellorarán a calidade de vida dos veciños e das veciñas destes concellos galegos.

No caso do concello de Leiro, cun orzamento próximo aos 200.000 euros, o obxectivo do convenio é acondicionar a rúa Padre Eiján, que representa un eixe vertebrador da vila, xa que é un dos principais accesos ao paseo fluvial desde a principal arteria do núcleo, á rúa Gabino Bugallal.

En Mos acondicionaranse o aparcadoiro e os accesos ao cemiterio de Petelos, co fin de integralos nas edificacións máis próximas, como a casa do concello ou a igrexa de San Mamede. A Consellería de Medio Ambiente destinará un importe de máis de 380.000 euros.

Na totalidade das actuacións prevese unha reordenación dos usos e posta en valor dos espazos para facer destes lugares puntos de encontro máis cómodos para os seus habitantes e aumentar as cotas de benestar dos veciños.

Plan Hurbe

O Plan HURBE 2010-2016 nace como resposta á necesidade da humanización das vilas de Galicia. Tendo en conta o modelo social de integración cidadá, busca o achegamento dos entramados urbanos aos seus habitantes mediante a adecuación e creación de espazos públicos para as necesidades vixentes.

Segundo o Plan de investimentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o departamento destinará máis de seis millóns de euros, dos que preto de catro serán para novas actuacións, que permitirán realizar investimentos en arredor de 20 concellos. O orzamento investirase, principalmente, na humanización de rúas e á urbanización e mellora de espazos públicos.

Dende a Xunta de Galicia apostase por este tipo de programas porque, ademais de contribuír ao reequilibrio territorial de Galicia e á fixación de poboación no rural mediante a mellora da calidade de vida nestas áreas, fomenta a creación e mellora dos espazos de encontro e goce do lecer en condicións óptimas de calidade e seguridade para as persoas de tódalas idades.

Tamén se favorece a sostibilidade futura compatibilizando o desenvolvemento económico e a agrupación en torno aos núcleos de poboación con criterios de ordenación territorial e habitabilidade, recupéranse espazos públicos que foron perdendo o seu carácter de áreas de interacción social por un inadecuado desenvolvemento urbanístico e potenciase a conservación dos equipamentos urbanos patrimonio histórico das nosas vilas.

A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS XESTIONARÁ ENTRE 2016 E 2017 UN ORZAMENTO SUPERIOR A 490 MILLÓNS DE EUROS PARA CONSERVAR, MELLORAR E AMPLIAR A REDE VIARIA AUTONÓMICA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de acordo polo que se aproba o contrato de xestión da Axencia Galega de Infraestruturas no bienio 2016-2017*
- *O orzamento representa un 6,2 % máis que o xestionado pola Axencia de Infraestruturas en 2014 e 2015*
- *Entre as liñas de traballo destaca o desenvolvemento do Plan de reforzo de firmes, que suporá este ano en investimento de 23,5 millóns de euros no arranxo de 570 quilómetros de estradas, 200 deles en travesías*
- *Outra iniciativa impulsada pola Axencia é o Plan de sendas de Galicia, que prevé executar 170 km de itinerarios peonís e ciclistas seguros, sustentables e integrados na paisaxe*
- *A Axencia tamén está a facer un esforzo investidor en novas infraestruturas viarias como a Autovía da Costa da Morte ou a VAP Costa Norte, no treito Celeiro-San Cibrao, que entrarán en servizo este ano, cando estarán a pleno rendemento as obras de desdoblamento do Corredor do Morrazo*
- *Os obxectivos da AXI son: dotar de eficiencia a planificación en estradas; optimizar a construción de novas infraestruturas e mellorar as existentes; garantir a seguridade no transporte e mellorar a calidade dos servizos da Axencia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se aproba o contrato de xestión da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) no período 2016- 2017, dous anos nos cales este organismo xestionará un orzamento superior aos 490 millóns de euros para conservar, mellorar e ampliar a rede viaria autonómica.

Este orzamento representa un 6,2% máis que o xestionado pola Axencia Galega de Infraestruturas no período 2014-2015.

Para este exercicio, a AXI dispón dun orzamento de 245,53 millóns de euros mediante o cal o Goberno galego traballará para garantir a calidade e a seguridade nas infraestruturas viarias, e calcúlase un investimento similar para o vindeiro exercicio. Ese orzamento non inclúe as obras executadas mediante concesións, que ascende a 41 millóns de euros, nin os investimentos previstos pola Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. 3,1 millóns de euros.

No tocante aos obxectivos de traballo da Axencia Galega de Infraestruturas neste período diferénciase entre aqueles centrados en planificar, proxectar, construír, conservar e explotar as estradas de competencia autonómica, así como os servizos que se poidan instalar nas ditas infraestruturas e aqueles orientados a avaliar o funcionamento da propia Axencia na súa xestión do dominio público viario.

Para dar cumprimento a estes obxectivos, a AXI está a desenvolver o Plan de reforzo de firmes, que este ano suporá un investimento de 23,5 millóns de euros no arranxo de 570 quilómetros de estradas, dos cales case 200 quilómetros serán travesías. Hoxe en día xa se licitaron actuacións que afectan un total de 356 km.

A Axencia Galega de Infraestruturas tamén licitou xa 39 proxectos de mellora da seguridade viaria e ampliación da rede de estradas con cargo aos orzamentos deste ano, que supoñen un investimento de máis de 36 millóns. Entre estas actuacións destacan a mellora da seguridade viaria na estrada Pontevedra- A Lanzada (PO-308) e a conversión en autovía do corredor do Morrazo, no seu segundo treito, que se atopa actualmente en fase de axudicación.

Nesta liña de incrementar a seguridade dos usuarios das estradas, sobre todo dos máis vulnerables, como peóns e ciclistas, o Goberno galego desenvolve tamén o Plan de sendas de Galicia, que prevé executar 170 km de itinerarios peonís e ciclistas seguros, sustentables e integrados na paisaxe. Na primeira fase, os obxectos de actuacións serán as comarcas de Bergantiños, Santiago, O Salnés, A Coruña, Ferrol, A Terra Chá e Vigo, dos cales resulta un total de 55 sendas e 75,6 km.

O Plan de reforzos de firmes como o Plan de sendas de Galicia enmárcanse no recentemente aprobado Plan de seguridade viaria 2016-2020, elaborado pola Axencia Galega de Infraestruturas como folia de ruta dos próximos catro anos para acadar o obxectivo de reducir nun 50% as vítimas mortais nas estradas galegas con respecto ás rexistradas no ano 2011.

Por outra parte, a Axencia Galega de Infraestruturas, ademais de manter en boas condicións as vías existentes, está a facer un esforzo investidor na execución de novas estradas que mellorarán a calidade de vida dos cidadáns. Así, este ano entrarán en servizo novas infraestruturas viarias como a autovía da Costa da Morte, o acceso ao porto de Burela, o treito Celeiro-San Cibrao da VAC Costa Norte, e a nova ponte sobre o río Miño, nos Peares. Estas novas actuacións suman un investimento de 266 millóns de euros, onde tamén se inclúen os tramos I e II da autovía do Morrazo, cuxos traballos estarán a pleno rendemento este verán, ao tempo que se avanza no treito III.

Obxectivos da AXI

Os catro obxectivos estratéxicos en que se concreta a actuación da Axencia son os seguintes:

- Exercer de forma eficiente as competencias de planificación e programación en materia de estradas.
 - Planificar as actuacións na rede de estradas en coherencia coas demandas dos usuarios.

- Harmonizar a protección da Rede autonómica de estradas de Galicia (RAEG) coa ordenación urbanística das súas marxes.
- Optimizar a construción de novas infraestruturas viarias e a mellora das existentes como instrumento fundamental para o desenvolvemento económico da Comunidade, conservar en estado adecuado as existentes e velar pola súa defensa.
 - Mellorar a eficiencia na execución de obras.
 - Garantir a conservación da RAEG como medio para asegurar o patrimonio viario e evitar a súa degradación.
 - Estudar o uso da RAEG e controlar eficientemente a súa xestión.
- Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.
 - Reducir a perigosidade da RAEG.
- Mellorar o funcionamento e a calidade dos servizos da Axencia.
 - Cumprir os obxectivos da Axencia cos medios humanos dispoñibles.
 - Garantir a eficiencia da Axencia na xestión dos procedementos de contratación e relación con outras entidades.
 - Controlar a xestión de expedientes de responsabilidade patrimonial.

A XUNTA DE GALICIA DESTINARÁ 2,9 MILLÓNS DE EUROS PARA OFRECER ATENCIÓN A MÁIS DE 1.000 NOVOS DEPENDENTES

- *O Consello da Xunta autoriza a concesión de novas libranzas ao amparo do sistema para a autonomía e atención á dependencia*
- *A Administración autonómica reitera o seu compromiso de atender 10.000 novos usuarios en 2016*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a concesión de máis de 1.000 novas libranzas de cuidados no ámbito familiar, ao amparo do sistema para a autonomía e atención á dependencia. O incremento da atención a través desta práctica é un dos eixos principais da Consellería de Política Social polo que destinará 2,9 millóns de euros a este fin. Deste xeito, a Administración autonómica incrementará a ratio de atención actual en preto dun punto, ata chegar ao 65%.

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, está a promover a tramitación de 588 propostas de libranzas de prestación de cuidados no ámbito familiar consonte as previsións establecidas pola Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. A concesión destas altas, comporta o recoñecemento dun importe total de 2.992.825 euros dos que 368.964 corresponden á anualidade 2016 e 2.623.861 euros en concepto de atrasos pola retroactividade do dereito a prestación, ao que se lles aplicará o réxime de fraccionamento e abono periodificado. A partir da autorización aprobada hoxe no Consello da Xunta, cada Xefatura Territorial procederá á fiscalización de cada un dos expedientes co obxectivo da entrada en nómina no mes de abril.

Ademais, as xefaturas territoriais da Consellería de Política Social recoñecerán durante este mes outras 538 libranzas de cuidados no ámbito familiar sen que corresponda neste caso o recoñecemento de efectos retroactivos. Deste xeito, continúaase a incorporar progresivamente ao sistema as persoas con dereito recoñecido pendentes de atención.

A través desta medida, a Xunta de Galicia dá resposta a 1.126 novos usuarios que ata agora estaban pendentes de atención a través do sistema para a autonomía e atención á dependencia. Deste xeito, facilítase a atención adecuada ás persoas solicitantes en base ás súas necesidades actuais, así como á súa situación socioeconómica. As novas incorporacións sumaranse ás preto de 42.000 persoas que na data actual están sendo atendidas a través do sistema, e a Administración autonómica reitera o seu compromiso de continuar incrementando o número de persoas atendidas en 10.000 novos usuarios durante 2016.

A XUNTA REFORMARÁ A ANTIGA SEDE EN PONTEVEDRA PARA INSTALAR AS OFICINAS DE EMPREGO E CONVERTELA NUN EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES

- *A Administración galega realizará unha remodelación integral do inmoble da rúa Benito Corbal, que se enmarca no novo Plan patrimonial da Xunta*
- *Nas primeiras plantas do edificio concentraranse os servizos públicos de emprego, que agora se prestan en locais de alugueiro*
- *A Xunta poñerá á disposición de entidades e asociacións de interese social e sanitario dúas plantas do inmoble para que poidan instalar as súas oficinas e locais*
- *O resto do edificio poñerá a disposición da Universidade de Vigo para que instale alí os servizos e proxectos que decida a institución académica*
- *A reforma afectará unha superficie duns 5.800 metros cadrados*

Santiago, 31 de marzo de 2016.- A Xunta de Galicia reformará a súa antiga sede en Pontevedra, na rúa Benito Corbal, para reconvertela nun inmoble de usos múltiples e concentrar alí as dúas oficinas públicas de emprego que hai na cidade e que están situadas en locais de alugueiro. Isto permitirá unificar nun único espazo a atención ao cidadán, o que beneficiará o conxunto da cidadanía de Pontevedra e dos concellos da súa contorna.

O Consello da Xunta abordou hoxe un informe presentado polo conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, sobre a remodelación do edificio de Benito Corbal. Este inmoble atópase en desuso desde o traslado das dependencias administrativas da Xunta de Galicia ás actuais instalacións de Campolongo.

A Administración galega vai levar a cabo unha remodelación integral do edificio, que precisa unha profunda reforma para adaptalo á normativa vixente en materias como accesibilidade, enerxía ou evacuación. Por exemplo, no inmoble téñense detectado problemas de humidade e ningún dos accesos a este son accesibles para persoas con mobilidade reducida.

Hai que ter en conta que a última reforma deste edificio se produciu en 1982 e que será necesario actuar sobre unha superficie de 5.800 metros cadrados. Ademais, con esta reforma gañarase superficie útil por unha optimización dos espazos existentes.

Unificación de servizos

A reforma proposta polo Goberno galego establece a instalación, nas primeiras plantas do edificio das oficinas de emprego da Xunta, que na actualidade están situadas en dous locais de alugueiro na cidade. Estes servizos vanse concentrar nun único espazo, o que facilitará tamén a prestación do servizo ao cidadán.

Ademais, a Administración galega poñerá á disposición de entidades e asociacións de interese social e sanitario outras dúas plantas do inmoble, para que poidan instalar alí as súas oficinas e locais. Estas plantas estarían a continuación das que van ocupar os servizos de emprego e, en todo caso, terían acceso independente dende a rúa.

Finalmente, as plantas máis elevadas do edificio poñeranse á disposición da Universidade de Vigo para que instale alí os servizos e proxectos que decida a institución académica.

Actuación do Plan patrimonial da Xunta

A actuación prevista no inmoble de Benito Corbal enmárcase no Plan patrimonial da Xunta de Galicia, que ten como obxectivo poñer en valor e optimizar todos os inmobles da Administración autonómica, incluídos aqueles que quedan en desuso. Precisamente, o traslado das oficinas de emprego ao inmoble de Benito Corbal permitirá á Administración autonómica aforrar 150.000 euros ao ano, xa que estes servizos se están a prestar na actualidade en locais de alugueiro.

De feito, a Xunta de Galicia xa anunciou nas últimas semanas dúas actuacións enmarcadas neste plan: a reforma do edificio do antigo Hospital Xeral de Vigo para a instalación da Cidade da Xustiza, e a transformación da actual estación de autobuses de Santiago de Compostela na nova Cidade de San Caetano.

A reforma proposta pola Xunta de Galicia para o edificio de Benito Corbal substitúe a intención inicial, referendada no seu día polo Concello de Pontevedra, de recualificar o solo do inmoble para poder allear o solar. Isto formaba parte dun convenio asinado no seu día, que a Xunta de Galicia cumpriu e que permitiu, por exemplo, que as oficinas municipais puidesen ser trasladadas á situación actual da rúa Michelena.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DO PROXECTO CONSTRUTIVO DA ESTACIÓN INTERMODAL DA CORUÑA, NA CAL O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ PRETO DE 10 MILLÓNS DE EUROS

- *O proxecto inclúe o deseño e definición das obras correspondentes á nova estación de autobuses e ao aparcadoiro para turismos, así como á praza pública e urbanización da avenida da Sardiñeira*
- *Para a estación de autobuses precísanse 30 dársenas soterradas para servizos interurbanos; 5 dársenas para buses metropolitanos á cota da avenida da Sardiñeira e 1.000 m² de edificio de servizos*
- *No relativo aos accesos rodados, será necesaria a execución dunha nova vía de conexión entre a avenida de Arteixo e a da Sardiñeira e dúas glorietas nos puntos de intersección desta nova vía coas citadas avenidas*
- *Trátase dunha actuación coordinada co Ministerio de Fomento, titular da terminal ferroviaria, e co Concello da Coruña, responsable do aparcadoiro e dos accesos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación do contrato de redacción do proxecto básico e de execución da terminal de autobuses integrada na estación de ferrocarril da Coruña por un importe de preto de 600.000 euros. A construción desta infraestrutura precisa dun orzamento de preto de 18 millóns de euros, dos cales o Goberno galego achegará 10 millóns de euros.

O obxecto desta iniciativa é definir o deseño dunha estación intermodal funcional que lles facilite aos cidadáns un intercambio áxil e eficiente entre as distintas formas de transporte. Este é un obxectivo prioritario para o Goberno galego, que aposta por aproveitar ao máximo as oportunidades de mellora da mobilidade que representan a posta en marcha da alta velocidade ferroviaria ou o bo funcionamento do Plan de transporte metropolitano.

A licitación do contrato, que recibe hoxe luz verde, ten un prazo de execución de 12 meses, 6 para o proxecto básico e outros 6 para o proxecto de execución e realizárase nos vindeiros días.

O proxecto inclúe o deseño e a definición das obras correspondentes á estación de autobuses e ao aparcadoiro para turismos, así como á praza pública e urbanización da avenida da Sardiñeira.

A redacción do proxecto construtivo deberá elaborarse tomando como base a información obtida dos estudos previos de necesidades elaborados o pasado ano, e que incluíron un programa de requisitos para a nova estación de autobuses, a proposta de reordenación de liñas de autobús tendo en conta a nova localización, e as análises de tráfico e da capacidade xeométrica da vía.

Deses estudos realizados despréndese que para a nova estación de autobuses se precisan 30 dársenas para servizos interurbanos soterradas; 5 dársenas para buses metropolitanos á cota da avenida da Sardiñeira e un edificio de servizos de 1.000 m².

No relativo aos accesos rodados, será necesaria a execución dunha nova vía de conexión entre a avenida de Arteixo e a da Sardiñeira, e dúas novas glorietas situadas nos puntos de intersección desta nova vía coas citadas avenidas. Estas actuacións están recollidas no PXOM da Coruña e está prevista a súa execución por parte do Concello.

Coordinación entre administracións

O impulso da estación intermodal da Coruña está a ser coordinado entre a Xunta de Galicia, o Ministerio de Fomento, titular da terminal ferroviaria a través do operador Adif, e o Concello da cidade.

Nese marco, a Xunta trasladou o pasado mes de febreiro unha proposta de convenio ao Ministerio de Fomento e á Administración local da Coruña no que se plasman as actuacións que se entende que debe acometer cada unha das administracións implicadas.

Conforme o recollido nese convenio, a Xunta encargárase de redactar o proxecto básico e de execución da nova terminal de autobuses, así como de executar as obras correspondentes aos proxectos redactados.


Pola súa banda, o Concello da Coruña deberá tramitar ata a súa aprobación definitiva as modificacións necesarias no planeamento urbanístico para a súa adaptación ás actuacións previstas. Tamén lle corresponderá redactar os proxectos, executar e financiar as obras relativas aos accesos, así como poñer á disposición da Xunta os terreos necesarios para as actuacións. Ademais, deberá financiar dentro da actuación conxunta co Goberno galego as accións referentes ao aparcadoiro para turismos e á praza pública e urbanización da avenida da Sardiñeira.

O ADIF terá que redactar os proxectos e executar e financiar as obras da parte correspondente á estación ferroviaria.

Planta do aparcadoiro



Planta das dársenas sobre o aparcadoiro



Edificio da terminal



A PRÓXIMA SEMANA COMEZAN OS TRATAMENTOS CON RADIACIÓNS IONIZANTES NO ACELERADOR LINEAL DE RECENTE INSTALACIÓN NO HULA

- ***Trátase do principal arsenal terapéutico contra o cancro, de alto grao de especialización; un tratamento eficaz, preciso e seguro***

Esta semana recibíronse os primeiros pacientes nas consultas do novo Servizo de Radioterapia do Hospital Lucus Augusti, e durante a próxima semana iniciaránse os tratamentos con radiacións ionizantes no acelerador lineal de recente instalación. Trátase do principal arsenal terapéutico contra o cancro, de alto grao de especialización, eficaz, preciso e seguro.

Esta nova tecnoloxía que se pon en marcha no HULA permitirá ofrecer con maior accesibilidade e proximidade os tratamentos máis punteiros de radioterapia para os pacientes lugueses que padecen cancro.

O acelerador lineal que entrou en funcionamento incorpora banda tecnolóxica innovadora e inclúe dúas modalidades de altas prestacións (técnicas de tratamento): a radioterapia intensidade modulada (IMRT) e a radioterapia guiada por imaxe (IGRT).

O servizo inicia a súa actividade con seis pacientes ao longo da primeira semana de abril e irase realizando un crecemento progresivo a medida que os profesionais vaian finalizando as simulacións e precisións que precisan os equipos desta tecnoloxía. Está previsto que acade o seu óptimo rendemento en mes e medio, con 15-20 usuarios diarios.

Este incremento gradual de actividade asistencial permitirá ir asumindo os pacientes a tratamento con radioterapia do cancro que actualmente tiñan que desprazarse á Coruña para seren atendidos.

Así mesmo, despois do verán está previsto que sexa instalado un novo equipo, un segundo acelerador lineal que incorpora banda extensiva, para seguir aumentando o rendemento deste novo Servizo de Radioterapia de Lugo.

O investimento tecnolóxico realizado pola Xunta de Galicia para poñer en marcha estas altas prestacións na provincia de Lugo ascende a un total de 7.757.846,73 euros. Deste xeito, increméntanse e mellóranse ratios e realízase un salto tecnolóxico como un paso máis na dotación de alta tecnoloxía no Sergas, como obxectivo básico e irrenunciable, ofrecendo una atención asistencial cos mellores recursos e especialistas dispoñibles.

A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PRESENTA AS LIÑAS BÁSICAS DO PLAN DE INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DE GALICIA PARA 2016

- ***Establece as actuacións que vai realizar este departamento do Goberno galego para o cumprimento dos obxectivos de mellora da calidade dos servizos sociais e a garantía dos dereitos das persoas usuarias***
- ***No Consello da Xunta tamén se deu conta do cumprimento dos obxectivos fixados no mesmo plan do pasado exercicio***

A Consellería de Política Social presentou hoxe no Consello da Xunta o informe sobre as liñas básicas do Plan de Inspección de Servizos Sociais de Galicia para o ano 2016. Este plan constitúe o marco de actuación da Inspección para o presente exercicio, establecendo obxectivos xerais e específicos de cada unha das áreas estratéxicas e integrando as actuacións que vai a realizar este departamento do Goberno autonómico para o cumprimento dos obxectivos de mellora da calidade dos servizos sociais e a garantía dos dereitos das persoas usuarias.

O documento conta con catro obxectivos fundamentais: velar polo respecto aos dereitos das persoas usuarias dos servizos sociais; impulsar a implantación de medidas de mellora da calidade nos servizos sociais públicos e privados; velar polo adecuado emprego das axudas e subvencións concedidas e polo cumprimento das cláusulas contractuais e dos convenios asinados pola consellería; e propoñer medidas para incrementar a eficiencia da oferta de servizos sociais existentes e a súa adaptación á situación socioeconómica.

O Plan de Inspección segue unha liña coherente coas actuacións priorizadas nos últimos anos en relación coa garantía dos dereitos das persoas usuarias e procurando o incremento da calidade nos servizos desenvolvidos polas entidades prestadoras. Así, este ano garantirase a inspección dunha elevada porcentaxe dos servizos de carácter residencial das áreas de Maiores, Discapacidade, Inclusión e o 100% dos centros de menores.

Así mesmo, os contratos e convenios realizados pola Consellería de Política Social con entidades serán tamén obxecto de seguimento. Reforzarase, ademais, a supervisión do destino das axudas e subvencións concedidas ás persoas en situación de dependencia e en risco de exclusión social.

As liñas estratéxicas de actuación para 2016 pasan pola información e o asesoramento en materia de rexistro e autorización de servizos a través da coordinación do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) co Rexistro sanitario co fin de facilitar a verificación daquelas entidades que teñen concedidas autorizacións sanitarias para a prestación de servizos no marco da atención ás persoas en situación

de dependencia. Para garantir un mellor control das actividades e unha supervisión máis intensa na protección dos dereitos das persoas destinatarias dos servizos, faranse envíos de controis de legalidade aos centros e intensificaranse as inspeccións aos centros de titularidade da Xunta de Galicia. Así mesmo, vixiaranse os dereitos das persoas en centros residenciais para persoas en situación de dependencia para detectar e intervir en caso de malos tratos ou protexer as persoas coas capacidades modificadas. En definitiva, búscase garantir a calidade e a acreditación acometendo durante este ano a análise do grao de implantación dos protocolos mínimos de funcionamento nos centros; mellorar a formación e capacitación tanto do persoal de nova incorporación como a reciclaxe do persoal que xa desempeña as funcións de inspección e mellorar a renovación da normativa en materia de servizos sociais.

Por outra banda, o Consello da Xunta tamén foi informado sobre o cumprimento dos obxectivos fixados no Plan de Inspección de Servizos Sociais de Galicia no ano 2015. O grao de cumprimento do plan establécese no 103,29%, xa que se realizaron 1.442 inspeccións, 46 máis sobre o previsto. Ao abeiro do plan, no pasado exercicio se actualizou a información sobre as entidades e centros inscritos no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e fomentouse a presentación electrónica de documentación, o que facilitou que o número de consultas ao RUEPSS fose de case 77.000. Ademais, actualizáronse os contidos da web da asesoría virtual de entidades prestadoras de servizos sociais grazas ao cal a web rexistrou máis de 27.000 consultas. En relación cos proxectos normativos, elaborouse o borrador do novo decreto que regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia para os efectos da súa adaptación á Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, respecto do réxime de intervención administrativa no marco dos servizos sociais.

A XUNTA DESTINA 3,5 MILLÓNS DE EUROS PARA FOMENTAR A CREACIÓN DE PEQUENAS EMPRESAS NON AGRÍCOLAS NO RURAL GALEGO

- *O Consello avaliou un informe da Consellería do Medio Rural sobre estas subvencións, que se convocarán en breve mediante a súa publicación no DOG*

A Xunta destina este ano un total de 3,5 millóns de euros para fomentar a creación e o desenvolvemento de pequenas empresas non agrícolas no rural galego. O Consello do Goberno galego avaliou hoxe estas achegas nun informe presentado pola Consellería do Medio Rural. Neste documento explícanse os importes, beneficiarios, proxectos e criterios de valoración na concesión destas axudas.

A convocatoria destas subvencións sairá publicada en breve no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e a partir dese momento os interesados disporán dun mes de prazo para solicitálas. A porcentaxe de axuda sobre o investimento total será do 45% e a achega máxima de 200.000 euros.

Os beneficiarios poderán ser pequenas empresas, persoas físicas que residan no rural e familias titulares dunha explotación agraria que diversifiquen as súas actividades en ámbitos non agrícolas.

Entre os proxectos que poderán ser obxecto de axuda figuran aqueles relacionados coa transformación e comercialización de produtos agrarios, a prestación de servizos en calquera sector económico (agás empresas de servizos de maquinaria agrícola e forestal e de servizos enerxéticos), a prestación de servizos sociais (gardarías, coidado de anciáns e persoas con discapacidade), actividades de ocio, recreativas e deportivas, artesanía, novas tecnoloxías ou comercio polo miúdo, entre outros.

Como criterio de valoración das axudas figura a localización do proxecto, e téñense en conta factores como a caída da poboación ou a renda familiar e a taxa de envellecemento do municipio, cunha discriminación positiva aos municipios de zonas de montaña. Tamén se avalía a tipoloxía do promotor e primanos impulsados por mulleres, menores de 35 anos, desempregados maiores de 55 anos ou persoas con discapacidade. Así mesmo, valóranse a tipoloxía do proxecto, segundo sexa de creación de empresas ou de ampliación e modernización das xa existentes, e o número e calidade de empregos creados.